



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Maio 2025 • Nº 300

PRESENTAMOS O
BOLETÍN NÚMERO

300
vedra



MAIO

L	M	MC	X	V	S	D
Día do Traballo. Festivo nacional			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
Día das Letras Galegas. Festivo en Galicia						12
13	14	15	16	17	18	19
Santa Rita. Festividade admin. local			20	21	22	23
Ascensión. Non é festivo en Vedra			24	25	26	27
28	29	30	31			

CONTINÚA A INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA CADA TERCEIRO MARTES DE MES!!

■ Benefíciate deste
servizo gratuíto polo
que aposta o Concello
de Vedra.

DATA EN MAIO:
O MARTES 20.

Obrigatorio asistir con
reserva da cita no te-
léfono 981 814 612 (en
horario de 9:00 a 13:00 h).



IMPORTANTE:

Só se darán citas para asuntos relacionados con bens ca-
tastrais dentro do termo municipal.

SABÍAS QUE...

■ VEDRA GASTOU 18.347,17 € NO
PROGRAMA "ENVELLECIMENTO AC-
TIVO" NO 2024

Vedra desenvolve anualmente acti-
vidades destinadas á terceira idade
co obxectivo de ofertar a este co-
lectivo unha variada programación
para esta etapa vital:

- Ximnasia de maiores
- Obradoiro de traballo corporal
- Obradoiro de memoria

- Canto-coral
- Bailoterapia
- Ioga Integral

ESTA APOSTA PÚBLICA SUPUXO
UN GASTO DE MÁIS DE 18.000 € NO
ANO 2024.





Presenza en Vedra de "Galicia Retorna", o programa da Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia.



Última actividade das XXIX Xornadas Arredor da Camelia. Visita a Padrón.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS

XLIII EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA



Xornadas Técnicas sobre a Cultura do Viño.




III Ruta Moto Turística polos Viñedos da Ribeira do Ulla.



III Ruta de Coches Antigos polos Viñedos da Ribeira do Ulla.



Catas Comentadas na XLIII Exaltación do Viño da Ulla.



Momento do Viño Son.



Carpa da Mostra dos Viños da Subzona Ribeira do Ulla.



Convivencia en Sabucedo da Asociación AMABUL.



Proxecto Erradicadescantia de AMABUL na súa actividade en abril.



Excursión da Asociación O Burgo a Ponte de Lima.



Concerto da Asociación A Casa da Irmandade.



Excursión e irmandade da Ruta das Covas de Seadur e a Asociación Cultural San Campio.



Teatrofilia 2025, coa Asociación Cultural Papaventos.

CHEGA 700

■ Proximamente terá lugar a activación da rede móbil de nova xeración no noso concello.

Se tedes algún problema para visualizar os canais da TDT poderedes poñervos en contacto nas seguintes

tes direccións o antes posible:

- Contacto enderezo electrónico: ayuda@llega700.es
- Teléfono: 900 833 999.

llega 700

Nuevos servicios 4G y 5G en su municipio

El despliegue de estos servicios se realiza sobre las bandas de 700 y 800 MHz y puede ocurrir que la señal de TV se vea afectada por interferencias.

Llega700 es la entidad gestora de garantizar la compatibilidad de este servicio con la TDT.

¿Cómo saber si le afecta? Llega700 realiza una revisión de manera gratuita para el ciudadano tras el despliegue de los servicios móviles 4G y 5G.



WIFI GRATUÍTO EN VEDRA!!

■ Servizo de WIFI gratuítu en varios edificios públicos do concello de Vedra, só conectándote á rede "Wi-Fi4EU".

Ao conectarte por primeira vez dirixirate a unha pá-



xina de inicio de sesión segura, que podes completar rexistrándote previamente ou a través dun auto rexistro por SMS. Non se volverá e pedir inicio de sesión ata pasadas 12 horas.

Os puntos Wi-Fi4EU onde te podes conectar son:

- A Casa do Concello.
- O centro sociocultural de Vedra.
- O Centro de Emprendemento "A Estación" en Santa Cruz de Ribadulla.
- A Reitoral de PonteUlla.

XULGADO DE PAZ

■ ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES e XOVES.

Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 14:00 HORAS.

Enderezo electrónico: registrocivil.vedra@xustiza.gal

REPARACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Se detectas algunha avaría ou mal funcionamento dos farois led que iluminan o noso municipio, chama ao teléfono 699 304 702.



RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS A DOMICILIO

■ Chama ao 981 814 612 e pide que pasen a recoller os teus refugallos voluminosos.

Trátase dun servizo gratuítu que se desenvolve por orde de solicitudes e que depende do número de pedidos, polo que non sempre é inmediato.

PUNTO LIMPO

■ Podes deixar o refugallo que non pode ir nos colectores no noso Servizo de Punto Limpo situado no lugar de Fornelos, Vedra.



HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO:

- Os martes de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- Os sábados de 09:00 a 14:00 h.

Deporte

SENDEIRISMO. NOVA ETAPA O SÁBADO 17 DE MAIO

■ Percorrido: Dende Ponteareas ata Pazos de Borbén.

Ollo aos horarios e lugares de recollida do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 07:30 horas.
- Parada en Lestedo ás 07:40 horas.
- Parada no Breixo ás 07:45 horas.
- Parada no Hipercor ás 07:55 horas.
- Última parada na Escola de Música de Santiago ás 08:00 horas.



Inscricións e información antes do 10 de maio (ou ata que se esgoten as prazas) no teléfono 981 814 691.



FESTIVAL DE CLAUSURA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS CURSO 2024/2025

■ As persoas participantes das escolas deportivas de predeporte, baloncesto, ximnasia rítmica e patinaxe realizarán unha exhibición das habilidades adquiridas durante este curso que xa remata.

Calendario...

- **Baloncesto-torneo 3x3:** o venres 16 de maio ás 17:00 horas no pavillón municipal.

- **Predeporte:** o venres 30 de maio ás 17:00 no pavillón municipal.

- **Ximnasia Rítmica:** o luns 2 de xuño ás 17.00 horas no pavillón municipal.

- **Patinaxe:** o martes 3 de xuño ás 17.00 horas no pavillón de Lestedo.

Cultura

LETRAS GALEGAS 2025... EN VEDRA

■ MÚSICA DE TRADICIÓN – AS LETRAS GALEGAS

Sábado 10 de maio ás 21:30 h.

Nave da Estación do Tren de Santa Cruz de Ribadulla.

No festival M.A.R.C.O.

- Pandeireteiras Campiñas (A.C. SAN CAMPIO).
- Pandeireteiras Silandeira.
- Esperanza Mara (música e literatura).
- Foliada aberta.

■ POESÍA POPULAR ORAL CON... RAICEIROS

CPI Plurilingüe de Vedra:

12 de maio.

CEIP Ortigueira: 20 de maio.

- Exposición Cantigas da Ulla.
- Proxección do audiovisual “Coplas Ulláns – Cantigas da Ulla”.
- Caderno de campo “Ulla Oralmente”.

■ FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS

“Especial, 20 anos da coral”

Sábado 31 de maio ás 19:00 h.

- Pandereiteiras Dedaleiras (A.C. San Vampio).
- Coral Polifónica Marusía (Bueu).
- Coral Polifónica Municipal de Ribeira.
- Coral da Terceira Idade de Vedra.
- Colabora: FECOGA.




SESIÓN DE CONTACONTOS

“Contos para bebés con CAXOTO”

Venres 13 de xuño ás 11:00 h.

- Actividade incluída no Programa Rede Cultural 2025.
- Desenvolvida na EIM de Vedra.



A XANELA DA LINGUA...

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2025

■ A Real Academia Galega acordou dedicar o Día das Letras Galegas 2025 á poesía popular oral, personificado en Adolfinia e Rosa Casás Rama, de Cerceda, Eva Castiñeira Santos, de Muxía, e Manuela Lema, Teresa García Prieto e Prudencia e Asunción Garrido Ameixenda, integrantes estas catro das Pandeireteiras de Mens (Malpica). É unha representación colectiva, como xa se fixo na elección dos trobadores da ría de Vigo en 1998, cos que se rendeu homenaxe á poesía medieval. Coa elección de 2025 quere se recoñecer a importancia da poesía popular oral, que acompaña á nosa sociedade desde sempre.



MARCO

NOSTRA DE ARQUITECTURA RURAL

+ INFO e INSCRICIÓNS EN: WWW.CONCELLODEVEDRA.GAL)



Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

09 MAIO VENRES TARDE ZONA SARANDÓN

CO.BERTO: CAMPO DA FESTA DE SAN PEDRO DE SARANDÓN

TEMA: A NATUREZA: SOSTIBILIDADE, BIOCONSTRUCCIÓN e ENERXÍA

****RUTA:** "O MELLOR DE CADA CASA" #VISITAS + CHARLAS casaPALLA MIGUEL SERRANO FUNDAMENTOS BIOCONSTRUCCIÓN ESPIGA casaCÁÑAMO ELÓ ECONOMÍA CIRCULAR O FOGAR DO SANTISO casaDESCONECTADA VITIN RENOVABLES NO FOGAR FACILITA ENXEÑERÍA ****TARDEO:** +OBRADOIROS OS 3 PORQUÍÑOS ESPIGA XARDÍNS COMESTIBLES PERENNIA NÓS-TALXIA.FOTOGRAFÍA AIGIBOGA &B EXPOS MOSTRA NOVA ARQUITECTURA GALEGA COAG ESCULTURA DE e DENDE A NATUREZA EDELMIRO FERNÁNDEZ CATARXE DELIO SÁNCHEZ AIRE PLENO BEATRIZ SEIJO EN VIVO E EN DIRECTO ESCOLA PINTURA VEDRA ARQUITECTURA EMOCIONAL 1959 LEÓN SIMINIANI A RABIA ALDIAZ PAISAXE HABITADA JUAN LESTA CAIXAS DE MÚSICA LUIS DÍAZ &XOGOS ARQUITECTÓNICOS VIVAC + CESTERÍA ****SERÁN:** @CONVERSA ESPAZOS QUE CONTAN EN CASTELO XOSÉ A. TOURIÑAN / VECIÑ@S CASTELO / CASTELO CONTA @CONVERSA "A NAI-PAI-SAXE" FUNDACIÓN RIA / AMABUL / DEFENSA DA ULLA VERDE / RAMÓN TERÁNBLANCOPALACIO - ADEGA CASTROBREY &CONCERTO MÚSICAS DE RAÍZ ODAIKO + SON FORMAS TUCHO ÁBALO ****TABERNA:** &FOOD CHIMPIN TAPA ARQUITECTÓNICA: O PANEL SANDWICH &CANTINA

10 MAIO SÁBADO TARDE ZONA RIBADULLA

CO.BERTO: ESTACIÓN DE TREN DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

TEMA: TRADICIÓN: REHABILITACIÓN e 3R'S (REDUCCIÓN, REUTILIZACIÓN RECICLAXE)

****RUTA:** "O MELLOR DE CADA CASA" #VISITAS + CHARLAS casaEIRAGUNDIÁN FLORENCIA casaAPONTE OSCAR RAMOS DA REPARACIÓN AO SISTEMA ARROKABE casaFEIRA PEDRO DE LLANO AFORRO E RESPIRO. PASSIVHAUS ALCE ARQUITECTURA ****TARDEO:** +OBRADOIROS OS 3 PORQUÍÑOS FOU PRODUTO DE APROVEITAMENTO CENLITROS GRAFFITI NO VAGÓN SEEKSELF &B EXPOS MOSTRA NOVA ARQUITECTURA GALEGA COAG A ARQUITECTURA É LUZ E VICEVERSA ARTURO ÁLVAREZ COTIDIANIDADE COSTUMBRISTA MARIA SALGADO RÓMANICO DA ESTRADA ROSA DE CABANAS CÁNTIGAS DA ULLA RAICEIROS A RABIA ALDIAZ PAISAXE HABITADA JUAN LESTA ARQUITECTURA EMOCIONAL 1959 LEÓN SIMINIANI O RURAL TONO ARIAS &XOGOS ARQUITECTÓNICOS JENGA + TUNEANDO MARCOS ****SERÁN:** @CONVERSA OFICIOS E VIRTUDES JORGE DUARTE / MAXIN ARQUITECTOS / OFICIOS DA CONSTRUCCIÓN &CONCERTO MÚSICAS DE TRADICIÓN-AS LETRAS GALEGAS PANDEIRETEIRAS CAMPIÑAS / PANDEIRETEIRAS SILANDEIRA / ESPERANZA MARA / FOLIADA ABERTA ****TABERNA:** &FOOD CHIMPIN TAPA ARQUITECTÓNICA: ZAPATA-TA DE TORTILLA &CANTINA

11 MAIO DOMINGO MAÑAN ZONA SALES

CO.BERTO: CAMPO DA FESTA DE SAN FINS DE SALES

42.80834 - 8.49207
42°48'30"N : 8°29'31"O

TEMA: O MODERNO: ESTÉTICA E INDUSTRIALIZACIÓN/PREFABRICACIÓN

****RUTA:** "O MELLOR DE CADA CASA" #VISITAS + CHARLAS casaCÚBICA PALOMA ROLLE LEGO. INNOVACIÓN E PREFABRICACIÓN SALGADO E LIÑARES casaKORA RAFAEL NOVIO CASA FUSIÓN TRADI-MODERNA DIEGO LAREO A ESTÉTICA SÍ IMPORTA CARBAJO Y BARRIOS casaOBXECTO AESTUDIO ****MAÑAN:** +OBRADOIROS OS 3 PORQUÍÑOS ALBERTO FORTES RURAL SKETCHING BLANCA ESCRIGAS XINCANA FOTOARQUITECTÓNICA PIXELINPHOTO &A EXPOS MOSTRA NOVA ARQUITECTURA GALEGA COAG SON FORMAS.ESCULTURA CONSCIENTE TUCHO ÁBALO COLLAGE SURREALISTA SEBAS ANXO ARQUIUARELA BLANCA ESCRIGAS PAISAXE HABITADA JUAN LESTA ARQUITECTURA EMOCIONAL 1959 LEÓN SIMINIANI A RABIA ALDIAZ CASAS DOENTES MANUEL SENDÓN &XOGOS ARQUITECTÓNICOS SISTEMA LUPO ****SERÁN:** &ACTUACIÓNS CONTOS DENDE A ARQUITECTURA TERESA ÁBOAS / SUSO DE TORO TEATRO: OS 3 PORQUÍÑOS XS PAPAVENTÍNXS &CONCERTO MÚSICAS CON.TEMPO SESIÓN DJ ****TABERNA:** &FOOD CHIMPIN TAPA ARQUITECTÓNICA: ENCOFRADO DE "CHICHARRÓNS"&CANTINA

APÚNTATE Á COMPOSTAXE DOMÉSTICA

■ O Concello de Vedra dálles a oportunidade a todos os fogares do municipio para que poidan realizar unha compostaxe de calidade.



Para iso, só tes que solicitar gratuitamente o teu composteiro mandando un correo a residuoskmcero@concellodevedra.gal cos teus datos: nome completo, enderezo, dni, teléfono e correo electrónico.

E se xa fas compostaxe, podes recibir asesoramento a través do teléfono da compostaxe (dispoñible de luns a venres de 16:00 a 20:00).



Agora mesmo xa son máis de 400 familias as que fan compostaxe doméstica no noso municipio, impedindo deste xeito que os residuos orgánicos xerados en Vedra percorran longas distancias, evitando a emisión de gases contaminantes á atmosfera e axudando na loita contra o cambio climático ao tempo que contribúen a mellorar a calidade dos nosos solos retornando a materia orgánica ao chan en forma de compost.

Apúntate á compostaxe e fai de Vedra un concello con RESIDUOS KMCERO.

MULLERES FRONTE Á EMERXENCIA CLIMÁTICA

■ Unha iniciativa na que colaboran diferentes colectivos e entidades coa intención de informar sobre os impactos do viñedo industrial.

• **Data:** venres 16 de maio ás 20:30 h. no Local Social de San Fins de Sales.

MULLERES FRONTE Á EMERXENCIA CLIMÁTICA

OS IMPACTOS DO VIÑEDO INDUSTRIAL: A SAÚDE E A TERRA, EN RISCO

16 DE MAIO - 20:30
LOCAL SOCIAL DE SAN FINES DE SALES (VEDRA)

Intervención:

Natalí González, enfermeira do Centro de Saúde de Boqueixón

Jesús Santamaría, biólogo

Paulo Rubido, representante da Asociación Defensa da Ulla Verde



LOITA CONTRA A VELUTINA

INFORMACIÓN SOBRE CONTROL DA VESPA VELUTINA

“AVESPA ASIÁTICA”



QUE FACER SE DESCUBRO UN NIÑO DE VELUTINA

Se descubro un niño de velutina debo de seguir os seguintes pasos:

1. Anotar a súa localización coa maior exactitude posible.
2. Avisar chamando ao 012.
3. Manterse afastado e non intentar quitar o niño sen equipos especializados de protección.



Se atopas un niño de velutina chama ao 012

TRAMPEO

A captura de raíñas debe efectuarse de febreiro a maio incluído, durante a fase de construción e actividade do niño primario. O mellor lugar onde colocar as trampas é nos camelios, os cales teñen flor entre febreiro e maio e atraen moito as raíñas de velutina.



ELABORACIÓN DE ATRAENTES

TIPO 1

1/2 litro de auga tépida + 200 gr. de azucre + 5 gr. de fermento de panadería

Disolver os ingredientes e esperar entre 4 e 5 días a que se produza a fermentación (nun recipiente aberto). Utilizar na trampa selectiva e cambiar a mestura cada 8 ou 10 días.

TIPO 2

180 ml (1/2 lata) de cervexa negra + 180 ml de zume de arandos + 80 ml vermú de viño branco (a elixir)

1 pinga de deterxente + 1 cullerada de vinagre

Mesturar todos os ingredientes e utilizar na trampa selectiva, renovando a mestura cada 8 ou 10 días.



PARA O VERÁN 2025!!

■ Facemos repaso das múltiples opcións de conciliación e diversión para a época estival en Vedra...

Propostas municipais...

LUDOVERÁN!

■ Nas vacacións escolares a Ludoteca Municipal muda ao horario de verán para ofrecer unha opción de conciliación con posibilidades de servizo de madrugadores.

O prazo de inscrición está aberto do 2 ao 31 de maio. Toda a información na sección de servizos sociais deste mes e/ou na web municipal.

PISCINA MUNICIPAL!

■ Nos meses de xullo e agosto en horario de tarde todos os días (agás en caso de mal tempo)

Toda a información sobre tarifas, abonos e moito máis no vindeiro boletín.

CAMPAMENTOS MUNICIPAIS DE VERÁN!

■ Diferentes posibilidades para a mocidade dos 8 aos 18 anos para gozar de experiencias lúdicas distintas.

O prazo de inscrición previa xa está pechado.

CAMPAMENTO DEPORTIVO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA – VERÁN 2025

■ Vedra ofertará as prazas adxudicadas pola Deputación da Coruña para que a nosa mocidade poida participar desta alternativa deportiva.

Toda a información sobre o número de prazas, o destino, as datas, prezo, forma de inscrición,... no vindeiro boletín municipal e na web municipal.

Propostas das iniciativas asociativas...

ESCOLA AMBIENTAL AMABUL 2025

■ Un ano máis repite esta proposta da Asoc. Ambiental AMABUL que encherá de actividades a Casa das Artes de San Fins nos meses de xullo e agosto. Toda a información na web www.amabul.org

ACAMPARTE 2025

■ Volve para as mañás de xullo esta aposta da ANPA do CIP Ortigueira na que se mestura conciliación e diversión.

Actividade con prioridade para a comunidade educativa do CEIP Ortigueira da que te poderás informar no seguinte boletín.

Voluntariado

#COUSA BOA

■ A Axencia Municipal para o voluntariado e as asociacións é un servizo de información, asesoramento e formación a disposición de todas as iniciativas socioculturais que se poñan en marcha no noso concello.

QUE QUEREMOS?

- **Difundir e sensibilizar** entre a poboación en xeral, o valor do voluntariado como forma de participación social e exercicio de corresponsabilidade.
- **Informar e orientar** sobre voluntariado: oportu-



nidades e necesidades do mesmo, programas, recursos.

- **Ofrecer servizos de apoio a asociacións e persoas voluntarias:** documentación, formación e asesoría dirixida ás entidades e ás persoas voluntarias, para que consoliden a súa acción.
- **Intermediar** para potenciar os vínculos entre organizacións e posibles voluntarias, aquí e en proxectos de voluntariado europeo.
- **Fortalecer o tecido asociativo** das áreas nas que traballamos mediante a información e a formación coas asociacións culturais, de veciños, deportivas, de festexos...
- **Impulsar o traballo en rede**, a nivel local e autonómico, de forma que se enriqueza a nosa práctica diaria e se fortaleza a acción.



QUE FACEMOS?

Se queres facerte voluntaria, agardámoste para:

- **Informarte** das organizacións, dos programas e dos postos de voluntariado.
- **Asesorarte** sobre os teus dereitos e deberes como persoa voluntaria.
- **Intermediar** para potenciar os vínculos entre organizacións e posibles persoas voluntarias, aquí e en proxectos de voluntariado europeo.
- **Formarte** para comezar o teu labor de voluntariado.
- **Acompañarte** no teu labor voluntario.

Se sodes unha asociación, apoiámosvos en:

- **Difundir** a información das vosas actividades.

- **Derivarvos** persoas voluntarias.
- **Informarvos** de recursos e actividades.
- **Asesorarvos** sobre temas de xestión e administración.
- **Buscarvos** espazos de coordinación.
- **Formarvos** nos temas que demandedes.

Olo!, recorda:

- Se tes máis de 55 anos podes participar no programa de voluntariado sénior "A Maiores" ou no programa de voluntariado interxeracional.
- Se tes entre 16 e 30 anos, podes participar no programa de voluntariado xuvenil "Val do Ulla" ou no programa de voluntariado interxeracional.

Máis información: voluntariado@concellodevedra.gal
Teléfonos: 981 814 695 – 981 814 691.

Emprendemento

CENTRO DE EMPRENDEMENTO A ESTACIÓN

Actualización da Guía Hai Vedra.

Dende o Centro de Emprendemento A Estación estamos a proceder á actualización da Guía de empresas, comercios e servizos HAI VEDRA. Para calquera dúbida ou cuestión relativa a este labor, deixamos á vosa disposición o teléfono 981 512 244 e o correo electrónico aestacion@concellodevedra.gal

hai  Vedra
guía de empresas, comercios e servizos

CHARLA EN LIÑA sobre xestión de tempos e tarefas na vida profesional.

A ESTACION
CENTRO DE EMPRENDEMENTO

PROGRAMA FORMATIVO 2025
CHARLA GRATUITA

CHARLA ONLINE

XESTIÓN DE TEMPOS E TAREFAS NA VIDA PROFESIONAL

Martes 6 de maio 2025, de 10 a 11 horas

Que é importante e que é urxente?

Neste curso falaremos de distintas formas prácticas de organizar as nosas tarefas, e da creación de rutinas útiles que permitan facer seguimento da nosa axenda de traballo.

Algúns puntos clave que se tratarán no curso:

- Como priorizar tarefas? O importante Vs. o urxente.
- A axenda profesional e persoal.
- A previsión como clave na xestión de tempos.



Nº de prazas máximo: 12

Información e inscricións no tfno. 667 905 330 ou en aestacion@concellodevedra.gal



Servizos Sociais

INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693

NON É IMPRESCINDIBLE, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.





AXENDA DE ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE NO MES DE MAIO

■ XXXII ROMARÍA DA TERCEIRA IDADE DE VEDRA:

Sábado 10 de maio ás 12:30 h. no entorno do Centro Sociocultural da Terceira Idade de Vedra.

Programa: Misa, actuación musical e xantar de confraternidade.

Menú tradicional: empanada, polbo, carne ó caldeiro, sobremesa, bebidas...

Poderán asistir todas as persoas que poidan valerse por si mesmas que estean empadroadas no Concello de Vedra e cumpran algún destes requisitos:

- Maiores de 65 anos.
- Pensionistas de xubilación, invalidez ou viuvez maiores de 60 anos.

O cónxuxe do/a pensionista pode participar aínda que non reúna o requisito de idade, sempre que veña acompañado/a polo/a pensionista.

Para asistir á romaría é preciso retirar un ticket que ten un custe de 20 €/participante. Para a retirada de tickets deben dirixirse ao Centro Social, de luns a venres, de 17:00 a 21:00 h. O prazo estará aberto do 22 de abril ao 7 de maio.

■ CIRCUÍTO TERMAL NAS TERMAS DE OUTARIZ E VISITA:

Mércores 14 de maio.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte,



comida e tratamento termal; prazas limitadas).

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e visita. (O prazo de inscrición ábrese o 5 de maio ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición).

■ BINGO:

Xoves 15 de maio ás 20:00 h.

■ REUNIÓN INFORMATIVA VIAXE A MÁLAGA-GRANADA (OUTUBRO 2025)

Xoves 15 de maio ás 21:00 h.

■ FESTIVAL "ESPECIAL, 20 ANOS DA CORAL" LETRAS GALEGAS:

Sábado 31 de maio ás 19:00 h.

• Coral Polifónica Marusía (Bueu).

- Coral Polifónica Municipal de Ribeira.
- Coral da Terceira Idade de Vedra.
- Pandereiteiras Dedaleiras (A.C. San Campio).

■ EXCURSIÓN A ARTEIXO E COMARCA:

Mércores 4 de xuño.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, visitas e comida) -prazas limitadas- (O prazo de inscrición ábrese o 20 de maio ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición).

■ BINGO ESPECIAL DE VERÁN:

Martes 10 de xuño ás 20:00 h.

■ BAILE-SARDIÑADA DE SAN XOÁN:

Venres 13 de xuño ás 20:00 h.

Haberá música, festa e sardiñada!! Para asistir á sardiñada é preciso retirar un ticket que ten un custo de 10 €/participante (Menú: sardiñas, churrasco e sobremesa). Para a retirada de tickets dirixirse ao Centro Social entre o 2 e o 11 de xuño.



Charla de Seguridade impartida pola Garda Civil.

OLLO!!
ABERTO O SERVIZO DE CAFETERÍA
NO CENTRO SOCIAL DE LUNS A
VENRES DE 17:00 A 21:00 H.

LUDOTECA MUNICIPAL

■ EN MAIO ABRE O PRAZO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR DA LUDOTECA DE VERÁN.

Como todos os anos a Ludoteca inicia unha nova tempada de verán intentando cumprir coa maior e mellor calidade os seus fins educativos e sociais.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto do 01 ao 31 de maio de 2025, ambos incluídos. As prazas son limitadas

Lugares de presentación de solicitudes:

- Sede Electrónica.
- Presencialmente: PREVIA CITA (981 814 693) no rexistro do Concello ou nos demais lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das AAPP.

O modelo de solicitude estará a disposición na páxina web do concello.

Para calquera información poñerse en contacto no teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.gal



XUNTA
DE GALICIA



CORRESPONSABLES



Concello
de Vedra

Muller

INFORMACIÓN DE INTERESE...

■ TELÉFONOS E SERVIZOS A DISPOSICIÓN DAS MULLERES EN VEDRA:

O TELÉFONO DO SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE VEDRA: 981 814 693.

- De luns a venres de 8:00 a 15:00 h.

O CIM (CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER)

- Atención Xurídica os venres de 8:00 a 15:00 h.
- Atención psicolóxica os martes de 10:00 a 13:00 h.
- Infórmate tamén no teléfono 981 814 693.

OUTROS TELÉFONOS DE INTERESE A DISPOSICIÓN DAS MULLERES:

- Teléfono 016 - 016 en liña.

O Ministerio de Igualdade, por medio da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero, presta o servizo telefónico de información, de asesoramento xurídico e de atención psicosocial inmediata por persoal especializado a todas as formas de violencia contra as mulleres, a través do número telefónico

co de marcación abreviada 016; por WhatsApp no número 600 000 016 e por correo electrónico ao servizo 016 en liña: 016-online@igualdad.gob.es

SERVIZO 016

**GRATUÍTO
ANÓNIMO
CONFIDENCIAL**

24 horas 7 días á semana 53 idiomas

NOS QUEREMOS VIVAS

- O teléfono da muller: 900 400 273

É un servizo gratuíto e anónimo que funciona as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Responde nel un equipo multidisciplinar coordinado con diferentes profesionais de toda Galicia.



Concello
de Vedra



ÁREA DE MULLER E IGUALDADE
Concello de Vedra



Pacto de Estado
contra a violencia de xénero

A ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO CELEBRA AS LETRAS GALEGAS

■ Para a súa conmemoración cada ano a Asoc. Cultural San Campio organiza toda unha programación cultural ao seu arredor.

X CONCURSO SERÁN DAS LETRAS.

Do que podes consultar as súas bases na web municipal.



XI SERÁN DAS LETRAS.

Coa entrega de premios ás 18:00 horas e a continuación un Serán Foliada que este ano ten como protagonistas, como non podía ser doutro xeito, ás pandeireteiras.

EXCURSIÓN A RAIGAME.

Unha proposta que cada ano achega Vedra a Vilanova dos Infantes en Celanova Ourense.

Para participar é obrigado inscribirse antes do 10 de maio coa directiva da cultural ou no whatsapp 642 207 012.

ASOCIACIÓN O BURGO DE VEDRA

■ Comparte a programación das súas vindeiras actividades:

- **EXCURSIÓN A CANTABRIA:** Días 1, 2, 3 e 4 de maio.
- **XANTAR EN ALDEA GRANDE:** Domingo, 18 de maio.

Teléfono de contacto para máis información e inscricións: 639 811 666.



A MEMORIA DAS AVOAS

■ Xornada "O legado"

Obradoiros de canto e percusión tradicional.

- **Día:** 25 de maio, ao longo do día.
- **Lugar:** Centro Sociocultural de Vedra.
- **Inscricións:** 661637696 - secretaria@gaiteiros-galegos.gal
- **Organiza:** AGG.
- **Subvenciona:** Deputación da Coruña.
- **Colabora:** Concello de Vedra.



A ANPA DO CPI PLURILINGÜE DE VEDRA ORGANIZA UNHA CHARLA SOBRE A PREVENCIÓN DE TRASTORNOS DA CONDUTA ALIMENTARIA E PROMOCIÓN DE HÁBITOS SAUDABLES

■ **Data e lugar:** o mércores 7 de maio ás 17:00 h. (acceso libre) no CPI Plurilingüe de Vedra.

Co obxectivo de ofrecer información clara e práctica para previr os trastornos da conduta alimentaria e

promover unha relación saudable coa comida e o corpo desde a infancia ata a adolescencia, desde a contorna familiar.

Será impartida pola psicóloga María Blanco, de ABAC (Asociación de Bulimia e Anorexia da Coruña), que nos proporcionará ferramentas para comunicarnos cos fillos e fillas sobre alimentación, corpo e saúde, e fomentar hábitos alimentarios equilibrados e saudables.

A prevención comeza na casa e as familias somos aliadas para o benestar emocional e físico dos nenos, nenas e adolescentes.



ASOCIACIÓN CULTURAL CASA DA IRMANDADE. AXENDA PARA MAIO

■ Este colectivo propón alternativas musicais diferentes no espazo da Casa da Irmandade en Santa Cruz de Ribadulla.

Nesta ocasión presentan para o venres 16 de maio ás 22:00 horas as actuacións de "Mario Boville" e "Comando Mindundi".

Mario Boville
Entrada Inversa 16-5-25 22.00h
rumba-cumbia-folk-swing
& Comando Mindundi
Concello de Vedra
a casa da irmandade

ASOCIACIÓN AMBIENTAL AMABUL. ERRADICADESCANTIA

■ Unha acción para a eliminación de invasoras

• Nova data: sábado 10 de maio.

+ info e inscricións en www.amabul.org ou chamando ao 623 932 143.

erradicadescantia
ELIMINACIÓN DE INVASORAS
10 de MAIO
ÁREA RECREATIVA DE AGRONOVO
CONCELLO DE VEDRA
Sens-act 10:00 XORNADA DE CONTROL, SEGUIMIENTO E ELIMINACIÓN DE FLORA EXÓTICA INVASORA
Sens-form 16:00 O ROL DAS INSTITUCIÓN NO CONTROL DAS INVASIÓN BIOLÓXICAS
Máis info e inscricións en www.amabul.org ou chamando ao 623 93 21 43
XUNTA DE GALICIA
AMABUL programa de voluntariado

TORNEO F-8 SAN MAMED 2025

III TORNEO FUTBOL 11 SUB12 F DAS ESCOLAS DEPORTIVAS VEDRA – BOQUEIXÓN

Parabéns

ÁS ESCOLAS DO OLÍMPICO DE VEDRA Por acadar o subcampioanato galego de dúatlon 2025

■ Non é doado para un club dun pequeno concello de menos de 5000 habitantes que volve a acadar un novo fito, co seu primeiro podio dende a creación do campionato con clasificación conxunta para as categorías cadete, xuvenil e júnior. E os cualificativos da fazaña son aínda de máis relevancia cando os protagonistas da mesma son preto de dúas dúas de deportistas destas categorías, representados por catorce duatletas en Muros, todos eles criados e formados no club dende a base.

María Pereira, Hugo Cea, Brais Otero, Pedro Iglesias, Julia Vázquez, Xulia Rodríguez, Alejandra Rodríguez, Micaela Docampo, Iria Barros, Miguel Castro, Sergio Pereira, Álvaro Iglesias, Isaac Otero e Lois Pallares, foron os auténticos protagonistas desta histórica clasificación, na que por diversas circunstancias houbo varias baixas, pero da que son partícipes, non soamente o grupo de adestramentos destas categorías, senón todas as escolas do club.

Continúa na páxina 15



O campionato galego de dúatlon para as categorías cadete, xuvenil e júnior, un ano máis tivo lugar na vila costeira de Muros, coa presenza dunha vintena de escolas de clubs de toda a xeografía galega. O percorrido para todas as categorías era sobre a distancia supersprint (2 km de carreira a pé no primeiro segmento, seguidos de 8 km en bicicleta, para volver a rematar con 1 km de carreira). Un formato explosivo que puxo a proba a resistencia e a estratexia dos mozos e mozas participantes. Na clasificación final por equipos, acompañaron ao Olímpico no podio, o Delikia (1º) e Mar de Vigo (3º).

Desde a súa fundación hai xa dúas décadas, e tras acadar o seu primeiro podio autonómico no ano 2007, as escolas do Olímpico de Vedra suman xa 28 títulos autonómicos e 10 podios a nivel nacional, por equipos en distintas categorías. Non obstante, dos acadados, este novo logro destaca especialmente, xa que representa o segundo podio conseguido a nivel conxunto de escola. Para remontarse ao primeiro hai que ir ata xullo de 2011, cando as categorías menores (benxamín, alevín, infantil e cadete) lograran o bronce en triatlón, o que dá mostra da dimensión da fazaña actual.

Trátase dunha xesta que se suma á rica traxectoria dun club que, ao longo destes vinte anos de historia mantivo intactas os seus sinais de identidade, a aposta decidida pola formación na casa e a promoción dun deporte en igualdade. Mostra diso é que deses 38 podios: 2 son globais de escola, 1 mixto, 19



de categorías masculinas e 16 de categorías femininas. Sempre sen perder a perspectiva dos equipos absolutos, cunha base composta polas escolas, con momentos mellores ou máis difíciles, pero sen esquecer nunca esa esencia. Unha filosofía que levou ao Olímpico de Vedra a ser o que é a nivel de resultados, permanecendo durante estas dúas décadas como un dos clubs consolidados do panorama autonómico, e mesmo chegando a estar case 10 anos entre os 30 mellores clubs de triatlón de España a nivel global. Así pois, un resultado que pon en valor o traballo constante, o compromiso coa base e o espírito de superación dun club que xa é todo un exemplo no deporte galego.

A JOSÉ NOGUEIRAS FANDIÑO

■ Polos seus 62 anos vencellado á Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla Concello de Vedra. Polo que este colectivo quixo homenaxealo cunha visita ao seu domicilio, chegando a música á porta da súa casa, nesta emotiva e merecida iniciativa.



A TELMA LOZANO

■ Por proclamarse Subcampioa Galega.

A ximnasta cadete Telma Lozano, enfrontábase por primeira vez en modalidade individual. Cun precioso exercicio de mazas, proclamouse SUBCAMPIOA GALEGA.

Parabéns Telma!

Grazas a todo o equipo técnico por facelo posible.

Agora a polo nacional.





FESTA DA XUVENTUDE EN PONTE ULLA

■ 30 de abril e 1 de maio.

**FESTA DA XUVENTUDE
PONTE ULLA
2025**

Mércores
30
Abril

Verbena con:
GRUPO ARIZONA

Xoves
1
Maio

Pasarrúas ás 11:00h
Misa solemne ás 13:00h

TRÍO MANHATTAN

En caso de choiva haberá CARPA

CHARANGA
NOROESTE

TARDEO a partir das 18:30h
DJ PETER SÉLEK

INCHABLES GRATIS

Fogos de artificio a cargo de PIROTECNIA PENIDE

Espectáculos GONZÁLEZ
Vila de Cruces T. 629 38 28 14 espectaculosgonzalez@hotmail.com

XVI FESTA DO PORCO Á BRASA EN TROBE

■ O domingo 18 de maio.

XVI FESTA DO PORCO Á BRASA
San Andrés de Trobe

**LOCAL MULTIUSOS
DE TROBE - VEDRA**

PUNTOS DE VENTA ENTRADAS:
→ BAR "A DORNA" (TROBE)
→ BAR "O TAPEO" (LESTEDO)
SENON CHAMA AO
664 525 564 - 643 125 832

DONATIVO EN TAQUILLA 24€
MENORES 9 ANOS DE BALDE

DATA LÍMITE 15 DE MAIO

**DOMINGO
18 DE MAIO
2025**

PREGÓN ÁS 13:30 A CARGO DE
SORPRESA
SESIÓN VERMOUTH E ACTUACIÓN
POSTERIOR A CARGO DE
**DISCO MÓVIL
CHOCOLATE**
XANTAR POPULAR ÁS 14.00

HABERÁ VARIOS SORTEOS
AO LONGO DO DÍA

CONSOTEVA
OBRAS REFORMAS E INSTALACIONES
XIAN N.º 42 - TROBE (VEDRA) - 15885 A CORUÑA
Tlf.: 629 387 284 - 656 963 224 - 656 963 227
consoteva@hotmail.com

XXXV FESTA DA ORELLA EN SAN FINS

■ O domingo 4 de maio.

**35ª Festa
da Orella**

**San Fins de Sales-Vedra
2025**

DOMINGO
**4
MAIO**

12:00 APERTURA DA FESTA
13:00 RECEPCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL E SAÚDO DO ALCALDE DE VEDRA CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
13:15 PREGÓN SORPRESA
13:30 ACTUACIÓNS MUSICAIS:

CHARANGA OS ATREVIDOS
AGRUPACIÓN FAISCAS DE PONTRAGA

A partir das 18:00
GRUPO EUREKA

Tamén haberá orella de porco, orella doce, empanada, tortilla e viño do país. Amplo aparcadoiro e pulpeiro.



AFESA Concello de Vedra XUNTA DE GALICIA Deputación da Coruña

XANTAR POPULAR EN VEDRA

■ O sábado 24 de maio.

XANTAR POPULAR
no campo da festa de Vedra
sábado 24 de maio - 14:30h.

Pulpo, pulpo e máis pulpo
Paleta asada con guarnición
Postre
Bebida
Café

Se queres pulpo a fartar, ven a Vedra para rebentar!!!



E pola tarde música e baile!

RECOLLE O TEU TICKET nos puntos de venda habilitados

Data límite para anotarse: domingo 18 de maio

DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e comodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS